

Desenvolvemento sostible e ODS nas publicacións científicas

En 2015, a Axenda 2030 da ONU estableceu 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Estes obxectivos pretenden acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. A Universidade de Vigo entende esta axenda como unha ventá de oportunidade para que as insitucións públicas orienten as súas estratexias de responsabilidade social. Por iso se comprometeu a alinear as súas políticas na senda dos ODS.

As publicacións científicas son o principal medio de difusión da actividade investigadora das universidades. Analizar as publicacións relacionadas cos ODS

permite coñecer en que medida estas institucións participan co seu traballo investigador na Axenda 2030. A Biblioteca Universitaria analizou as publicacións relacionadas cos ODS na base de datos bibliográfica Dimensions. Esta base de datos incorpora un sistema de clasificación das publicacións segundo a súa vinculación temática con cada un dos 17 obxectivos do desenvolvemento sostible.

Presentamos neste boletín un resumo do estudo, que está dispoñible para a súa descarga [aquí](#).


3 109 123	documentos relacionados cos ODS producidos entre 2010 e 2019, indexados en Dimensions
1236	documentos relacionados cos ODS producidos entre 2010 e 2019 pola Universidade de Vigo, indexados en Dimensions

España sitúase no posto 11º	por número de documentos sobre os ODS en Dimensions
A Universidade de Vigo sitúase no posto 18º	na relación de universidades españolas polo número de documentos sobre ODS en Dimensions


Obxectivos cun maior número de documentos en Dimensions	7 Enerxía accesible e non contaminante (894 391) 3 Saúde e benestar (698 158) 16 Paz, xustiza e institucións sólidas (384 190)
Obxectivos cun maior número de documentos da Universidade de Vigo en Dimensions	7 Enerxía accesible e non contaminante (418) 13 Acción polo clima (195) 4 Educación de calidade (182)

- #### Os 17 obxectivos de desenvolvemento sostible
1. Fin da pobreza
 2. Fame cero
 3. Saúde e benestar
 4. Educación de calidade
 5. Igualdade de xénero
 6. Auga limpa e saneamento
 7. Enerxía accesible e non contaminante
 8. Traballo decente e crecemento económico
 9. Industria, innovación e infraestrutura
 10. Redución das desigualdades
 11. Cidades e comunidades sostibles
 12. Produción e consumo responsables
 13. Acción polo clima
 14. Vida submarina
 15. Vida de ecosistemas terrestres
 16. Paz, xustiza e institucións sólidas
 17. Alianzas para acadar os obxectivos

Evolución do número de publicacións sobre ODS das universidades galegas e do norte de Portugal



Número de documentos da Universidade de Vigo sobre ODS por categoría temática (2010-2019)



Máis información sobre a Axenda 2030 na Universidade de Vigo [aquí](#)

Fonte: Dimensions